

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE ENTIDADES SOCIAS
DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**

Celebrado no Salón de actos do Edificio CERSIA (Santiago de Compostela)

4 de outubro de 2023

Hora de inicio: 10:10h

ASISTENTES:

Patricia Bello	Concello da Laracha
Begoña Olveira	Concello da Pobra do Caramiñal
J. Manuel Alfonso	Concello das Neves
Alberto Seoane	Concello de Abegondo
Tania Álvarez	Concello de Allariz
Leonardo Pena	Concello de Ames
Ines Ramos	Concello de Arteixo
Ana Ermida	Concello de Barreiros
Alejandra Pérez	Concello de Bergondo
Marga Sampedro	Concello de Boiro
Mario Pillado	Concello de Burela
Joel Ares	Concello de Cabanas
Mercedes Caridad	Concello de Carral
Daniel Fernández	Concello de Cartelle
Pablo Figueiras	Concello de Castroverde
Lourdes Enes	Concello de Covelo
M ^a José Paz	Concello de Fene
José Manuel Pérez	Concello de Laxe
Ana Abelleira	Concello de Lugo
Leticia Costas	Concello de Moaña
Cristina García	Concello de Moeche
María Lorenzo	Concello de Narón
Juan A. González	Concello de Nigrán
Marga Figueroa	Concello de Oleiros
Armando Ojea	Concello de Ourense
M ^a Teresa Tocino	Concello de Pontecesures
Ángeles Castro	Concello de Pontedeume
Rosario Huertas	Concello de Pontedeume

Pilar Martínez	Concello de Redondela
Iria Vilaboa	Concello de Redondela
Ana Vidal	Concello de Rianxo
Patricia Martínez	Concello de Sada
Ana M ^a Moreiras	Concello de San Cibrao das Viñas
Juan Jesús Cerqueiro	Concello de Teo
Cristina Martínez	Concello de Tomiño
Rubén García	Concello de Tomiño
Lara Noriega	Concello de Viveiro
Orlando Saavedra	Concello do Barco de Valdeorras
Tamara Civeira	Concello do Irixo
Beatriz Rodríguez	Concello do Rosal
Marisol Morandeira	Deputación de Lugo e Concello de Guitiriz

Escusan asistencia: Concello da Coruña, Concello da Guarda, Concello da Pastoriza, Concello das Pontes, Concello de Alfoz, Concello de Baños de Molgas, Concello de Brión, Concello de Bueu, Concello de Caldas de Reis, Concello de Carballo, Concello de Lousame, Concello de Malpica de Bergantiños, Concello de Oímbra, Concello de Porto do Son, Concello de Ramirás, Concello de Sandiás, Concello de Santiago de Compostela, Concello de Silleda, Concello de Valga, Concello de Xove, Deputación da Coruña.

Non asisten: Concello da Estrada, Concello da Pobra de Trives, Concello de Barro, Concello de Betanzos, Concello de Cambados, Concello de Cambre, Concello de Cariño, Concello de Castrelo de Miño, Concello de Corcubión, Concello de Culleredo, Concello de Cuntis, Concello de Ferrol, Concello de Gondomar, Concello de Manzaneda, Concello de Miño, Concello de Monfero, Concello de Moraña, Concello de Mugar dos, Concello de Muros, Concello de Noia, Concello de Outes, Concello de Poio, Concello de Ponteareas, Concello de Pontevedra, Concello de Ribeira, Concello de Rodeiro, Concello de Sarria, Concello de Soutomaior, Concello de Teo, Concello de Triacastela, Concello de Verín, Concello de Viana do Bolo, Concello de Vilagarcía de Arousa, Concello de Vilar de Santos, Concello de Vilasantar, Concello do Porriño, Concello do Valadouro e Deputación de Pontevedra.

Antes de comezar é proxectado o vídeo da campaña “313 olladas solidarias, un proxecto común”, que anima a todas as administracións locais de Galicia a participar no Fondo Galego.

1. Aprobación da acta anterior.

Juan González, indica que, tras o envío por correo electrónico da acta correspondente á Asemblea Xeral do 30 de marzo de 2023 na presente convocatoria, non se recibiu ningunha comunicación ao respecto. Por tanto, tras preguntar novamente á Asemblea, deuse a acta por aprobada.

2. Balance do período 2020-2023.

Juan González, presidente en funcións da entidade, dá a benvida a todas as persoas que asisten á reunión. Informa tamén de que actualmente 99 concellos e tres deputacións de Galicia conformamos esta rede de administracións locais comprometidas coa cooperación ao desenvolvemento, e que a pretensión é que os 313 concellos e as catro deputacións formen parte tamén do Fondo Galego.

González recorda que o Fondo Galego nace no ano 1997 co obxectivo de coordinar, vertebrar e proxectar a cooperación internacional ao desenvolvemento impulsada desde as administracións locais, para facela máis eficaz, eficiente e sostible. Tamén se democratiza a participación dos concellos en cooperación internacional, xa que, todos, independentemente dos seus orzamentos e número de habitantes, teñen a posibilidade de realizar cooperación a través do Fondo Galego, con cantidades de diñeiro coas que pouco poderían facer empregadas de xeito individual.

Pasando xa a falar dos logros conseguidos pola asociación durante o mandato que hoxe remata, destaca os seguintes:

- Adopción dun novo sistema para o cálculo das cotas: No 2021, foi aprobado pola Asemblea Xeral o Acordo para o cálculo das cotas mínimas. As motivacións que levaron a facer este cambio foron: A proporcionalidade do esforzo entre as entidades socias; a transparencia, entendida como simplificación do sistema de cálculo para que sexa máis sinxelo de entender e calcular por calquera persoa ou entidade; e a adopción dun criterio internacionalmente aceptado que permita medir os esforzos que realizan as administracións locais galegas en materia de cooperación ao desenvolvemento.

Por tanto, desde aquelas tómase como base o orzamento dos ingresos correntes das administracións locais, e aplícaselle unha porcentaxe aprobada pola Asemblea Xeral. Actualmente a porcentaxe que se lle está aplicando é o 0,01%. A cantidade resultante sería a cota que cada entidade socia debe abonar en concepto de cota social.

- Protocolos para o funcionamento interno: Foron varios os documentos elaborados e aprobados pola Asemblea Xeral para mellorar ou regular o funcionamento da entidade, entre o que destaca o Protocolo para a renovación de cargos da Comisión Executiva.
- 25 aniversario do Fondo Galego: O acto conmemorativo tivo lugar o 21 de outubro de 2022 en Panxón (Nigrán), lugar no que se xestou esta rede concellos e deputacións.
- Relanzamento da cooperación técnica a través do programa Especialistas en Cooperar, anteriormente chamado Vacacións con Traballo. Tras o parón que supuxo a COVID-19 no ano 2020 e 2021, no ano 2022 relanzouse o programa de cooperación técnica baixo o nome de Especialistas en cooperar. Trátase dun programa de cooperación técnica dirixido a persoal dos concellos, deputacións e mancomunidades de Galicia. Durante un período de dúas a catro semanas, as persoas participantes asesoran en terreo aos nosos parceiros sobre aquelas materias que solicitan, no marco dos proxectos apoiados polo Fondo Galego no Sur Global.
- Inclusión de novos socios e países cos que realizamos cooperación: por un lado iniciouse no 2020 a cooperación coa Rexión Autónoma de Cacheu, en Guinea Bissau, relacionándonos e cooperando directamente co goberno rexional para apoiar o abastecemento de auga potable. Tamén iniciamos a cooperación co Sáhara no ano 2021, cooperando directamente coa República Árabe Saharauí Democrática na wilaya Bojador nun proxecto de xestión dos residuos sólidos “Nadafa”.
- Conseguiuse a implicación en materia de cooperación ao desenvolvemento dun maior número de Concellos, que se traduce no incremento de convenios para o financiamento de proxectos de cooperación ao desenvolvemento.
- Creación da Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS: Conformada por administracións locais ou rexionais de Portugal, Brasil, Guinea-Bissau, Mozambique, Cabo Verde, São Tomé e Príncipe xunto co Fondo Galego. É unha rede informal que encontra entre as súas metas fomentar o diálogo e aprendizaxe mutua entre os gobernos municipais dos diferentes países, establecer relacións de colaboración para incrementar a eficacia e innovación nos proxectos de cooperación internacional e posibilitar a posta en marcha de iniciativas comúns en sintonía cos ODS. Neste mes de outubro terá lugar o IV Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía, na Illa do Príncipe, do que despois se falará con máis detalle.
- A implementación e difusión dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible: nos últimos catro anos o Fondo Galego apoiou a elaboracións de Plan municipais aliñados cos ODS. Un total de 13 concellos se beneficiaron do apoio que ofreceu o Fondo Galego para que os concellos puideran contar cun plan destas características. Tamén se realizou un curso virtual sobre a Axenda 2030, coa apertura da

plataforma de formación online do Fondo Galego, e se realizaron outras actividades de difusión e visibilización da localización dos ODS.

González tamén destacou os retos que o Fondo Galego aínda ten por diante. A pesar dos esforzos realizados, queda por conseguir aínda o obxectivo principal, que ten que ver coa interiorización do compromiso institucional do poder local para conseguir a súa implicación en materia de cooperación ao desenvolvemento, para contribuír á transformación dese outro mundo que habitamos e no que priman aínda as desigualdades. Asemade, a axenda da cooperación local galega debe gañar en solidez e consistencia, superando a tradicional reacción impulsiva ante as catástrofes e substituíndoa por unha dinámica sostida e con criterio que contribúa á erradicación da pobreza. O poder local, nese sentido, ten moito que ofrecer, en experiencia e en competencias.

Antes de pasar a falar do terceiro punto da orde do día, o presidente en funcións presenta o agradecemento ás persoas e entidades que formaron parte da Comisión executiva neste mandato que hoxe dámos por concluído, coas que se levou a cabo un excelente traballo de consenso. Estas persoas son:

- Ana Gundín e Araceli Bellas, do Concello de San Sadurniño.
- Daniel Fernández, do Concello de Cartelle.
- Luísa Piñeiro, José Cela e Norma María Caldas, do Concello de Moraña.
- Luísa Feijó, do Concello de Ames.
- María Loureiro, da Deputación de Lugo.
- Mila Castro e Sindo Guinarte, do Concello de Santiago de Compostela.
- Marga Figueroa, do Concello de Oleiros.
- Manuel Cerdeira, do Concello do Irixo.
- Igadi.

Tamén agradece á Asemblea Xeral que durante os pasados catro anos, así como durante toda a vida da asociación, todas as decisións foron adoptadas por consenso.

3. Proposta de renovación de cargos da Comisión Executiva.

Toma a palabra Juan González para indicar que o Protocolo de renovación de cargos da Comisión Executiva indica cales son os criterios a seguir, de acordo co artigo 20 dos Estatutos da asociación:

1. Representación proporcional das forzas políticas maioritarias con presenza nos órganos de goberno das entidades socias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Así mesmo, será incorporada unha administración local que conte cun goberno dun partido político de carácter local ou comarcal.

2. A Presidencia da Comisión Executiva estará ocupada por unha entidade gobernada polo partido político que sexa a forza política con maior representación entre as entidades socias do Fondo Galego.
3. A Vicepresidencia da Comisión Executiva estará ocupada por unha entidade gobernada polo partido político que sexa a segunda forza política con maior representación entre as entidades socias do Fondo Galego.
4. A lo menos un dos dous cargos, ou ben o da Secretaría, ou ben o da Tesourería, estarán ocupados por unha entidade gobernada por un partido político diferente ás dúas forzas maioritarias entre as entidades socias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
5. Representación das catro provincias.
6. Representación de administracións locais con maior e menor número de habitantes, incorporando, como mínimo, unha entidade con menos de 10.000 habitantes, unha entidade de entre 20.000 e 50.000 habitantes e unha cidade ou deputación provincial.
7. Representación de entidades tanto de costa como de interior, cando menos unha entidade por casuística, co obxecto de garantir a consideración de ambas realidades na xestión de actividades e na adopción de decisións.
8. Representación paritaria en canto ao xénero. Debido a que o número de integrantes da Comisión Executiva é un número impar (nove), establécese unha porcentaxe de participación mínima para as mulleres, que debe acadar unha cota do 40%.
9. Participación de entidades integradas na Comisión Executiva saínte. Idealmente, a renovación da Comisión Executiva incluírá entidades que veñen de participar na mesma no mandato anterior mais novas entidades que se incorporan a este órgano, tratando así de dar continuidade ao traballo desenvolvido e de aproveitar as aprendizaxes adquiridas.
10. As entidades que conforman a Comisión Executiva saínte poden renovar os cargos en mandatos consecutivos, sen establecer límites.

Dando cumprimento a estes criterios, infórmase da Comisión Executiva saínte e da proposta para a conformación da Comisión Executiva entrante:

COMISIÓN EXECUTIVA SAÍNTE

CARGO	NOME	CONCELLO	CARGO NO CONCELLO	PROVINCIA	PARTIDO ALCALDÍA
Presidencia	Juan A. González Pérez	Nigrán	Alcalde	Pontevedra	PSOE
Vicepresidencia	Araceli Bellas Castro	San Sadurniño	Concelleira	A Coruña	BNG
Tesourería	Daniel Fernández Carril	Cartelle	Concelleiro	Ourense	PP
Secretaría	Luís Feijó Montero	Ames	Concelleira	A Coruña	PSOE
Vogalía	Norma María Caldas Búa	Moraña	Concelleira	Pontevedra	PP
Vogalía	Manuel Cerdeira	O Irixo	Alcalde	Ourense	PP
Vogalía	María Loureiro García	Deputación de Lugo	Alcaldesa	Lugo	PSOE
Vogalía	Gumersindo Guinarte	Santiago de Compostela	Concelleiro	A Coruña	PSOE
Vogalía	Marga Figueroa Vázquez	Oleiros	Concelleira	A Coruña	Alternativa dos Veciños

PROPOSTA COMISIÓN EXECUTIVA ENTRANTE

CARGO	NOME	CONCELLO/DEP	CARGO NO CONCELLO	PROVINCIA	PARTIDO ALCALDÍA
Presidencia	Juan A. González Pérez	Nigrán	Alcalde	Pontevedra	PSOE
Vicepresidencia	Daniel Fernández Carril	Cartelle	Concelleiro	Ourense	PP
Secretaría	María Muíño Filgueira	San Sadurniño	Concelleira	A Coruña	BNG
Tesourería	José Manuel Alfonso González	As Neves	Alcalde	Pontevedra	PP
Vogalía	Manuel Ángel Fernández Movilla	Baños de Molgas	Alcalde	Ourense	PP
Vogalía	Manuel Campos Velay	Cuntis	Alcalde	Pontevedra	PSOE
Vogalía	Lara Fernández Fernández-Noriega	Viveiro	Concelleira	Lugo	PSOE
Vogalía	María Rozas Pérez	Santiago de Compostela	Concelleira	A Coruña	BNG
Vogalía	Marga Figueroa Vázquez	Oleiros	Concelleira	A Coruña	Alternativa dos Veciños

Tras someter á Asemblea a aprobación da constitución da nova Comisión Executiva, e sen obter ningún comentario ao respecto nin oposición, dáse por aprobada por unanimidade.

4. Actividades e proxectos en curso e próximas actividades.

Acto seguido dáse a palabra a Andrea M. García, técnica da asociación, que explica á Asemblea cales son as actuacións e proxectos en marcha en materia de cooperación internacional. Nestes intres, estanse a apoiar catro actuacións a través de ONGD galegas en Mozambique, Guatemala, Nicaragua e El Salvador. Así mesmo, a través da cooperación directa estanse apoiando outros catro proxectos, dous en Mozambique, un en Guinea-Bissau, e outro no Sáhara. Ademais, infórmase de que nas vindeiras semanas persoal dos concellos de Boiro, Lousame e Pontedeume compartirá os seus coñecementos cos parceiros en terreo a través do programa Especialistas en Cooperar. Tamén neste mes de outubro se celebrará na Illa do Príncipe o IV Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía e organizarase ademais unha misión aos campamentos de persoas refuxiadas saharauís na que políticas e políticos das deputacións e concellos están chamados a participar.

Na Asemblea Xeral presentouse tamén en primicia a campaña ‘313 Olladas Solidarias’ que o Fondo Galego desenvolverá neste último trimestre por toda Galicia co fin de ampliar o número de administracións locais socias. Deste xeito, ao finalizar a Asemblea as persoas participantes puideron levar un tótem sobre o traballo do Fondo Galego para colocar nos seus respectivos Concellos/Deputacións.

Logo toma a palabra Carmen Novas, técnica da asociación, para falar das accións desenvolvidas no presente exercicio en relación coa sensibilización e o fortalecemento institucional, entre as que destacan o II Encontro Estatal de Governos Locais e Cooperación Internacional, organizado en Lugo coa participación de máis de 200 asistentes, ou as recentes visitas de delegacións chegadas Brasil, Italia, Príncipe e da República Árabe Democrática Saharauí para intercambiar experiencias.

Por último, na área de educación para a cidadanía global cobra especial protagonismo o proxecto europeo People & Planet, que busca involucrar á mocidade e aos gobernos locais na loita contra o cambio climático a través de actividades como consellos xuvenís, comunicación de guerrilla, *performance*, debuxo urbano, cociña sostible, concursos de vídeos e murais, exposicións virtuais ou os futuros obradoiros para a localización dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. A xuntanza pechouse lembrando as ferramentas comunicativas que ofrece o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, como son as súas redes sociais.

5. Rogos e preguntas.

A representante do Concello de Redondela, Pilar Martínez, fai dúas preguntas relativas aos proxectos de cooperación internacional. A primeira delas sobre o proxecto que

Solidariedade Internacional de Galicia está executando en Guatemala co apoio do Fondo Galego. A pregunta versa sobre o número de persoas beneficiarias polo proxecto. Tras realizar a consulta, respóndeselle que son 30 as familias que se beneficiarán do proxecto.

A segunda pregunta versa sobre a Misión aos campamentos de persoas refuxiadas saharauís, que se realizará no me de decembro. Pilar Martínez ten interese en coñecer se hai entidades intermediarias para a organización da misión. Respóndeselle que non, que é o Fondo Galego é quen o xestiona directamente xunto coa Delegación do pobo saharauí en Galicia e España. O mesmo acontece no caso do proxecto Nadafa, apoiado polo Fondo Galego nos campamentos saharauís.

Antes de finalizar a Asemblea, toma a palabra a alcaldesa de Moaña, Leticia Santos, para parabenizar ás persoas que integran a recén constituída Comisión executiva, agradecendo a súa xenerosidade e traballo.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión cando son as 11: 24h.

Juan González
Presidente

Luísa Feijóo
Secretaria